

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E O CONCELLO DO CARBALLIÑO PARA A PROMOCIÓN DA RESIDENCIA DE TEMPO LIBRE DO CARBALLIÑO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, DECLARA:

Que a Consellería de Política Social ten previsto formalizar co Concello do Carballiño o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Política Social e o mencionado concello para a promoción da residencia de tempo libre do Carballiño.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, considera conveniente a sinatura dun convenio de colaboración para a promoción da residencia de tempo libre do Carballiño co fin de conseguir atraer visitantes e incrementar a demanda de estadias e servizos durante todo o período anual.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela a 6 de xullo de 2016.

